

ACTA NÚMERO 07/08
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. XOSE L. MARTINEZ FERNANDEZ-CSI-CSIF D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D^a. M^a TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE D^a. M^a ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D. JOSE M. BREA FEIJOO-O'MEGA D. GONZALO FIGUEIRA RODRÍGUEZ – UGT D. MANUEL GONZÁLEZ MOREIRA - CIG</p>	<p>En Vigo, ás nove horas do día vinteun de xullo de dous mil oito, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	--

-- **ORDE DO DÍA** --

1. Gardas de sábado na cidade de Vigo. Información sobre a súa implantación: protocolo de asistencia, cambios nos períodos de vacacións, compensación cando entra o reserva, etc.
2. Situación dos médicos APD integrados en relación coa prolongación de xornada e o programa de incentivación na calidade da prescrición.
3. Substitucións de verán: información ao respecto de todas as categorías, co desglose por centros. Reclámase, ao mesmo tempo, se facilite á comisión de centro unha copia da plantilla desta Xerencia.
4. Oferta de voluntariade: Información sobre o resultado da mesma e cómo se vai estruturar.
5. Compensación médicos cando un PAC, ocasionalmente, quede con menor cobertura da que indica o plan funcional.
6. Atención urxente a unidades de tarde por parte das unidades de mañá, incluídos domicilios. Compensación por responsabilidade añadida e aumento de traballo.
7. Zonificación. Tras a aprobación por parte do Parlamento de Galicia da Lei de Saúde, cómo inflúen as enmendas aprobadas na cuestión da zonificación.
8. Demanda de certificados médicos por inmigrantes recen chegados. Os departamentos de inmigración solicitan con máis frecuencia este tipo de certificados. Existen dúbidas en relación a quen os debe emitir, o país de orixe, os servizos médicos de Sanidade Exterior. Solicítanse aclaracións o respecto.
9. Remisión de pacientes dende o servizo de urxencias do hospital a centros de saúde. Reclámase nova comunicación entre as xerencias de atención primaria i especializada, dados os problemas que leva a mala derivación de pacientes.
10. Modificación das obras de PAC de Coia: Información ao respecto.
11. Déficit da vacina do tétanos: Reclámase se achegue información sobre este tema e sobre os canles para difundila.
12. Situación plan mellora e información sobre a petición de ecografías e RMN por parte dos facultativos de primaria.
13. Permisos e licencias. Documento definitivo.

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a ACTA Nº 6/08 da reunión celebrada o pasado día 9 de xuño de 2008.

PUNTO PRIMEIRO.- GARDAS DE SÁBADO NA CIDADE DE VIGO. INFORMACIÓN SOBRA A SÚA IMPLANTACIÓN: PROTOCOLO DE ASISTENCIA, CAMBIOS NOS PERÍODOS DE VACACIÓNS, COMPENSACIÓN CANDO ENTRA O RESERVA, ETC.

- XERENCIA: Van xa 4 sábados. Temos información do rexistro de actividades. Os datos en conxunto son bastante bos.

	1º sábado	2º sábado
Consultas médicas	144	129
Consultas enfermería	96	115
Consultas pediatría	41	24
Domicilios médicos	3 due / 6 med	6 due / 3 med

No seu conxunto, o funcionamento está sendo óptimo. No mes de setembro abordaríamos a reunión de seguimento.

A vista do resultado, en primeiro lugar felicitar os traballadores que xa pasaron por alí e a todos os que traballaron nesta organización.

Poderíamos , para a reunión da Comisión de seguimento, ir pulindo un protocolo de asistencia..

- COMISIÓN DE CENTRO: Hai un problema cos traballadores que lle toca o sábado nas vacacións, porque teñen dificultades. Debería facerse desde a Dirección.
- XERENCIA: Cando non haxa posibilidade de acordo, podemos acordar co que lle toque o segundo sábado de setembro permute co cuarto sábado seguinte.
- COMISIÓN DE CENTRO: Cando está de reserva entraría o primeiro do grupo e este pasaría o final do grupo.
¿Hai algún motivo para que as auxiliares de enfermería non fagan sábados?.
- XERENCIA: Foi unha decisión de conxunto. Se na comisión de seguimento se estuda a necesidade pódese regrantexar.
- SATSE: ¿A que te refires coa comisión de seguimento?
- XERENCIA: Hai un acordo sobre a atención urxente extrahospitalaria de Vigo onde se crea a Comisión de Seguimento. Un dos asinantes e a Comisión de Centro.

PUNTO SEGUNDO: SITUACIÓN DOS MÉDICOS APD INTEGRADOS EN RELACIÓN COA PROLONGACIÓN DE XORNADA E O PROGRAMA DE INCENTIVACIÓN NA CALIDADE DA PRESCRIPCIÓN

- XERENCIA: Estamos falando con eles sobre este tema. En canto a prescripción no documento último que coñezo estaba recollido o pago a APD, pero estaba pendente.

PUNTO TERCEIRO: SUSTITUCIÓNS DE VERÁN: INFORMACIÓN AO RESPECTO DE TODAS AS CATEGORÍAS, CO DESGLOSE POR CENTROS. RECLÁMASE, AO MESMO TEMPO, SE FACILITE Á COMISIÓN DE CENTRO UNHA COPIA DA PLANTILLA DESTA XERENCIA.

- XERENCIA: A xente autoorganizouse e non ven xente de fora a salvarnos, foron os propios profesionais os que hai que felicitarse.

PUNTO CUARTO: OFERTA DE VOLUNTARIADO: INFORMACIÓN SOBRE O RESULTADO DA MESMA E CÓMO SE VAI ESTRUCTURAR.

- XERENCIA: Xúntase cadro.

PUNTO CINCO: COMPENSACIÓN MÉDICOS CANDO UN PAC, OCASIONALMENTE, QUEDE CON MENOR COBERTURA DA QUE INDICA O PLAN FUNCIONAL.

- XERENCIA: Non hai nada regulado. Deberíase propoñer a través da Comisión Central de Seguimento.

PUNTO SEXTO: ATENCIÓN URXENTE A UNIDADES DE TARDE POR PARTE DAS UNIDADES DE MAÑÁ, INCLUIDOS DOMICILIOS. COMPENSACIÓN POR RESPONSABILIDADE AÑADIDA E AUMENTO DE TRABALLO.

- XERENCIA: Esas actividades forman parte do seu traballo. Non hai ningunha compensación pola responsabilidade engadida e aumento de traballo.

PUNTO SÉTIMO: ZONIFICACIÓN. TRAS A APROBACIÓN POR PARTE DO PARLAMENTO DE GALICIA DA LEI DE SAÚDE, CÓMO INFLÚEN AS ENMENDAS APROBADAS NA CUESTIÓN DA ZONIFICACIÓN.

- XERENCIA: Artigo 69.3 das zonas sanitarias da Lei de saúde de Galicia, “Os concellos cunha poboación superior aos 50.000 habitantes (ou menos se así fose considerado adecuando funcionalmente) deberanse subdividir en zonas básicas para efectos de adscrición ás unidades e aos servizos de atención primaria.”

PUNTO OITAVO: DEMANDA DE CERTIFICADOS MÉDICOS POR INMIGRANTES RECÉN CHEGADOS. OS DEPARTAMENTOS DE INMIGRACIÓN SOLICITAN CON MÁIS FRECUENCIA ESTE TIPO DE CERTIFICADOS. EXISTEN DÚBIDAS EN RELACIÓN A QUEN OS DEBE EMITIR, O PAÍS DE ORIXE, OS SERVIZOS MÉDICOS DE SANIDADE EXTERIOR. SOLICÍTANSE ACLARACIÓNS O RESPECTO.

- COMISIÓN DE CENTRO: Eles piden certificados médicos, antes polo tema de enfermidades transmisibles facíao Sanidade Exterior e agora chéganos os médicos.
- XERENCIA: Hai que comprobar si ese certificados se esixe nalgunha norma.

PUNTO NOVENO: REMISIÓN DE PACIENTES DENDE O SERVIZO DE URGENCIAS DO HOSPITAL A CENTROS DE SAÚDE. RECLAMÁSE NOVA COMUNICACIÓN ENTRE AS XERENCIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA I ESPECIALIZADA, DADOS OS PROBLEMAS QUE ACARREA A MALA DERIVACIÓN DE PACIENTES.

- COMISIÓN DE CENTRO:Requiriría que se puxexen en contacto as dúas xerencias para aclarar a información que se da os pacientes.
- XERENCIA: Deste tema xa temos falado e de feito tiñan un tríptico no Meixoeiro. Pero volveremos a falar deste tema.

PUNTO DÉCIMO: MODIFICACIÓN DAS OBRAS DE PAC DE COIA: INFORMACIÓN AO RESPECTO

- XERENCIA: Fixemos unha visita no mes de xuño. Dende esa xuntanza non hai nada novo. Quedamos no patio de botarlle un chan.
- COMISIÓN DE CENTRO: Falta o cristal superior da porta e no inverno vai facer frío.

PUNTO UNDÉCIMO: DÉFICIT DA VACUNA DO TÉTANOS: RECLÁMASE SE ACHEGUE INFORMACIÓN SOBRE ESTE TEMA E SOBRE OS CANLES PARA DIFUNDILA.

- COMISIÓN DE CENTRO: Precisamos que nos chegue a información.
- XERENCIA: Nos recibimos un correo e mandámolo os responsables.
- COMISIÓN DE CENTRO: Pedimos que se faga chegar a información a tódolos médicos. Saúde pública non nos remitiu información.

PUNTO DUODÉCIMO: SITUACIÓN PLAN MELLORA E INFORMACIÓN SOBRE A PETICIÓN DE ECOGRAFÍAS E RMN POR PARTE DOS FACULTATIVOS DE PRIMARIA.

- XERENCIA: Estaban co protocolo de resonancia e non sei en que estado está. O protocolo de densitometría estaba ultimado. Nesta área están abertas todas as ecografía que fai o Departamento de radioloxía.
- COMISIÓN DE CENTRO: quedamos para que nos informes na seguinte reunión. ¿Como vai o tema da banda ancha?.
- XERENCIA: A última que se incorporou foi Cangas. Retrasouse sobre a previsión un mes, pero vai segundo a programación. Están priorizados os centros que teñen radioloxía.
- COMISIÓN DE CENTRO: ¿Tedes a programación?.
- XERENCIA: Temos unha reunión mañá e xa faremos un revisión de como vai a implantación.

PUNTO TRIGÉSIMO: PERMISOS E LICENCIAS. DOCUMENTO DEFINITIVO.

- XERENCIA: Xa se vos entrega o documento definitivo.

Remata a reunión as once horas e quince minutos do día sinalado